



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación das bases de participación e da convocatoria do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021

ANUNCIO

Aprobación das bases de participación e da convocatoria do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do martes 22 de xuño de 2021, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de participación da XXXIV Edición do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que a continuación se transcriben:

BASES XXXVI PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2021

Primeira.-OBXECTO.

As presentes bases teñen como obxecto regular, en réxime de concorrencia competitiva, o proceso de concesión do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021.

A finalidade deste certame é honrar a memoria do ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega.

Segunda.-DOTACIÓN DO PREMIO.

A dotación económica do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021 é de 2.500 €, figurando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan de aplicación.

Este premio estará suxeito á retención fiscal establecida na lexislación vixente.

O Concello de Dodro comprométese a publicar o libro de poemas galardoado dentro do ano 2022, nunha editorial de recoñecido prestixio. A persoa gañadora recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra premiada.

Terceira.-PERSOAS PARTICIPANTES.

1. Poderán concorrer a este certame todas as persoas que o desexen, maiores de 18 anos, que cumpran os requisitos xerais da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ademais dos específicos previstos no marco destas bases.

2. As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Este requisito debe manterse desde a presentación da candidatura ata a resolución do premio; calquera cambio nesta condición seralle comunicada ao órgano de instrución do procedemento.

Cuarta.-CANDIDATURAS.

1. As obras estarán escritas en lingua galega conforme á normativa oficial vixente, serán orixinais e inéditas.

2. Non poderán concorrer textos premiados, textos presentados simultaneamente a outros certames ou textos que manteñan compromisos de publicación con algunha editorial.

3. Os poemarios serán de tema e forma libres e terán unha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800.

4. Todos os traballos reunirán os requisitos formais establecidos nesta convocatoria, no caso contrario serán excluídos.

5. A participación no certame implica a total aceptación destas bases e, naqueles casos non previstos, atenderase ao que ditamine o xurado.

Quinta.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS.

1. As obras ostentarán un título e un lema.

2. Os poemarios presentaranse en formato dixital, por medio dun lapis de memoria ou CD, acompañados dunha plica ou sobre pechado. No exterior figurará o título e lema e no interior incluírase a seguinte documentación:

- Copia do DNI do/a autor/a.

- Enderezo, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico.
- Breve currículo literario.
- Solicitud de participación, debidamente cuberta, conforme ao modelo normalizado que se establece na convocatoria (Anexo I).
- Declaración de autoría e orixinalidade, titularidade dos dereitos da obra, da condición de atoparse libre de cargas e limitacións de explotación e de aceptación das presentes bases (Anexo I), cesión dos dereitos da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de 18 meses desde a data de concesión do premio.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social e de non atoparse incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (Anexo II).
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude para a participación no premio, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. Os traballos enviaranse por correo postal ao seguinte enderezo, sen indicar a persoa remitente:

XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021

Concello de Dodro

Tallós, 32 -15981 Dodro (A Coruña)

4. O prazo de presentación das obras comezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e rematará o día 8 de outubro de 2021.

5. Non se admitirán traballos entregados presencialmente, nin fóra de prazo.

Sexta.-EMENDA DE SOLICITUDES.

De conformidade co artigo 68 Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se ao proceder á apertura da plica do traballo gañador resultara que o sobre pechado non incluíse a documentación solicitada na base quinta desta convocatoria, requirirase a quen lle corresponda a súa autoría para que o rectifique no prazo de 10 días, coa indicación de que, no caso de non facelo, considerárase como desistida a súa opción ao premio, previa resolución ditada a ese efecto nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Sétima.-PROCEDIMENTO DE INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

O procedemento a seguir será o regulado no Capítulo II do Título I da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións mediante un procedemento de concorrencia competitiva, coas seguintes especialidades:

a) O órgano de instrución sinalado na lei será a concellería delegada da área correspondente, que, para este certame, é a Concellería de Cultura e Patrimonio. Esta concellería propondrá un/unha coordinador/a responsable do axeitado funcionamento do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021, cuxas tarefas figuran descritas na base oitava. O nomeamento deste/a coordinador/a realizarase a través de Decreto de Alcaldía.

b) O órgano colexiado encargado de avaliar a calidade literaria dos traballos estará formado por un xurado imparcial cuxa composición figura na base novena. O xurado cualificador designarase por Decreto de Alcaldía e a súa composición farase pública cando remate o prazo de admisión de orixinais. O réxime xurídico e de funcionamento do órgano colexiado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Aos membros do xurado seralles aplicable o disposto sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da mesma Lei.

Na acta redactada de avaliación de candidaturas deberá recollerse como mínimo a baremación de todas as obras participantes mediante o sistema previsto, por orde de maior a menor puntuación, de acordo cos criterios de valoración descritos na base décima, e a proposta da premiada.

c) Unha vez recibida a proposta do xurado, o órgano instrutor procederá a solicitar os correspondentes informes dos servizos municipais para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente así como nas presentes bases e a requirir a persoa premiada para que no prazo de dez días hábiles acredite a súa identidade, achegue certificado de número de conta da entidade bancaria e autorice ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios e coa Seguridade Social.

d) O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do xurado, formulará a proposta definitiva de resolución de concesión do premio en favor da persoa premiada que acreditase o cumprimento das bases e achegase a documentación requirida, ou na súa falta, a persoa candidata coa seguinte maior puntuación segundo a baremación feita polo xurado que cumprise co disposto nesta base.

e) A Alcaldía-Presidencia será o órgano competente para resolver mediante acordo motivado. A notificación dos actos de tramitación e resolución de concesión do premio será publicada no taboleiro de anuncios e a páxina web do Concello, medio exclusivo de notificación de conformidade co disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava.-COORDINACIÓN.

O Concello de Dodro nomeará a través de Decreto de Alcaldía, logo de ser proposto/a pola Concellería de Cultura e Patrimonio, unha personalidade das letras galegas coordinadora responsable do axeitado funcionamento do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021. As súas funcións serán:

1. Buscar e propor ás persoas de recoñecida obxectividade e competencia no xénero da poesía, así como na crítica literaria, candidatas a membros do xurado do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021.
2. Informar o xurado dos diferentes procedementos e actos relacionados co citado certame.
3. Planificar e coordinar o desenvolvemento dos actos oficiais da resolución e de entrega do premio.
4. Presentar e conducir o acto de entrega do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021.
5. Exercer funcións de representación en actuacións culturais que teñan como fin a promoción do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021.

Novena.-XURADO.

A valoración dos poemarios corresponderalle a un xurado designado polo Concello de Dodro mediante Decreto de Alcaldía. A súa composición farase pública cando remate o prazo de admisión de orixinais, o 8 de outubro de 2021.

Este tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: alcalde do Concello de Dodro, con voz e sen voto.

Secretario: concelleiro de Cultura e Patrimonio do Concello de Dodro, con voz e sen voto.

Vogais: catro persoas de recoñecida obxectividade e competencia no xénero da poesía, así como na crítica literaria propostas polo/a coordinador/a do XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021.

As funcións dos membros vogais serán:

- Ler e valorar a calidade literaria das obras presentadas no marco desta convocatoria.
- Xuntarse o día 6 de novembro de 2021, na Casa da Cultura de Dodro para decidir o poemario gañador.
- Participar na tradicional ofrenda floral no cemiterio de San Xián de Laiño, onde Eusebio Lorenzo Baleirón fica soterrado así como noutros actos de homenaxe programados no marco do certame.
- Asistir ao acto de entrega oficial do XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021, o 11 de decembro de 2021, no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón.

A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 6 de novembro de 2021, na Casa da Cultura do Concello de Dodro. Este tribunal terá ademais a facultade de declarar deserto o premio pola falta de presentación de obras, porque non reúnen os suficientes méritos ou porque non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

Décima.-CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1. A concesión deste premio efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación e publicidade.

2. Para garantir a concorrencia competitiva no procedemento, o xurado realizará a avaliación das candidaturas presentadas, adxudicando un máximo de 50 puntos a cada traballo, atendendo aos seguintes criterios:

a) A calidade artística e técnica: ata 20 puntos. Atendendo á riqueza expresiva da linguaxe empregada e á coherencia no desenvolvemento da obra.

b) A creatividade e orixinalidade: ata 20 puntos. Terase en conta a calidade da escrita e a capacidade innovadora da creación na estrutura, contidos e linguaxe, así como o valor estético do conxunto.

c) O interese literario xeral da obra e a súa contribución ao patrimonio cultural lingüístico galego: ata 10 puntos.

3. Para que os poemarios poidan optar ao premio será necesario que alcancen unha puntuación mínima de 25 puntos.

4. No caso de que os proxectos tivesen a mesma puntuación e houbera que proceder ao desempate entre ambos, darase prioridade a aquel proxecto que teña mellor puntuación no criterio 2.b.

Undécima.-PUBLICIDADE.

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán obxecto de publicación conforme ao disposto na normativa vixente.

Duodécima.-CONCESIÓN DO PREMIO.

O pagamento do premio, en metálico, concedido farase efectivo mediante unha transferencia bancaria ao número de conta indicado pola persoa ganadora. Neste momento practicaranse as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

A persoa beneficiaria do premio autorizará o Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de deberes tributarios e coa Seguridade Social.

Décimo terceira.-OBRIGAS DO/A CANDIDATO/A PREMIADO/A.

A persoa gañadora comprometerase a estar presente tanto no acto de entrega do premio como na presentación da obra e en cantas actuacións promocionais se acorden.

Décimo cuarta.-ENTREGA DO PREMIO.

A entrega do premio terá lugar nun acto público que organizará a tal efecto o Concello de Dodro o día 11 de decembro de 2021, no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón.

Décimo quinta.-DEVOLUCIÓN DAS OBRAS NON PREMIADAS.

Os/as candidatos/as non premiados/as poderán solicitar a devolución dos seus traballos no prazo dun mes contado desde a data de resolución.

Aquelas obras non premiadas que non foran solicitadas, serán eliminadas debidamente unha vez resolto o procedemento.

Décimo sexta.-DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A participación no concurso previsto nestas bases implica a aceptación incondicional das seguintes cláusulas por parte dos/as participantes:

1.º) No suposto de concursos que impliquen a creación ou representación de obras literarias e artísticas, a cesión en modalidade non exclusiva ao Concello de Dodro de maneira gratuíta dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e publicación, durante o prazo de 18 meses.

2.º) A autorización ao Concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos da persoa premiada, así como fotografías e vídeos desta nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, deportivas, lúdicas etc. obxecto do concurso.

3.º) A publicación dos datos persoais da persoa premiada e importe do premio na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente.

Décimo sétima.-INSPECCIÓN E CONTROL.

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, así como a requirir á persoa premiada nos termos que precise.

Décimo oitava.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación do premio para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento do deber de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras administracións públicas, constituirán causa determinante para a revogación do premio concedido, coa seguinte devolución dos créditos obtidos. Igualmente, a falsidade ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación do premio e o deber do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nestas bases serán de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, o Regulamento Xeral de subvencións, a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, DECLARACIÓN DE AUTORÍA E ACEPTACIÓN DAS BASES
DO XXXIV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2021

Don/a
con DNI e enderezo postal (a efectos de notificacións)
.....
co número de teléfono móbil
e co seguinte enderezo electrónico

ACHEGO:

- Copia do DNI
- Breve currículo literario

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que desexo participar no XXXIV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2021 baixo o lemaseudónimo
..... coa obra titulada.....
.....
 2. Que garantizo a autoría e orixinalidade deste traballo, que é inédito, non foi premiado, nin presentado simultaneamente a outros certames.
 3. Que son titular de todos os dereitos de autoría da obra e que esta atópase libre de cargas e/ou limitacións aos dereitos de explotación e non mantén compromiso de publicación con ningunha editorial.
 4. Que se este traballo resulta premiado, cédolle ao Concello de Dodro os seus dereitos de publicación, edición e difusión nos termos establecidos nas bases.
 5. Que acepto incondicionalmente a totalidade destas bases así como o resto da lexislación aplicable.
-, a de..... de 2021.

Sinatura:

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/a

con DNI

e enderezo postal (a efectos de notificacións)

.....

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que teño plena capacidade de obrar para concorrer á convocatoria do XXXIV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2021.
- Que cumpro coas disposicións das bases do certame.
- Que non me atopo incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes. Así mesmo, autorizo o Concello de Dodro a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparme ao corrente de deberes tributarios e coa Seguridade Social.
- Que acepto o premio que a miña obra puidera recibir, segundo o estipulado nas BASES DO XXXIV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2021 e que me comprometo a cumprir co disposto nelas.
- Que consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude para a participación no premio, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

(Lugar, data e sinatura)”

Dodro, 30 de xuño de 2021.

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2021/5444